


Servizos de Virtualización: Obxectivos e escenarios da PARTE VI

- Nesta **parte VI** do curso comézase co uso do hipervisor Xen. Nesta parte veranse asuntos relacionados con:
 - ◆ Introdución ao hipervisor Xen e distintas implementacións que fan uso del.
 - ◆ Instalarase a solución de virtualización **XenServer** que é versión en código aberto, gratuíta e comercial de **Citrix**.
 - ◆ Xestionarase o servidor a través da **consola** e da interface gráfica **XenCenter**.
 - ◆ Instalarase MVs en XenServer, veranse os parámetros da mesma pero non se configurará até pasar á **parte V** do curso.
 - ◆ Nesta parte VI preténdese dar un coñecemento mínimo sobre o Hypervisor Xen e as distintas solucións que existen no mercado que fan uso del. Unha vez familiarizados coa instalación de XenServer e varias MVs será nos apartados seguintes cando se afondará máis sobre as características e funcionalidades de XenServer.

- **Importante:** Nesta parte VI só se vai chegar até instalar as MVs en XenServer e non se vai facer nada máis con elas até pasar á **Parte VII**.

O escenario básico

Escenario 4.A: Configuración básica XenServer - XenCenter




• Componse de:

- ◆ 1 servidor de Virtualización tipo I: Xenserver ou XCP (Neste ocasión: XenServer)
 - ◇ RAM: 2/4 GB (Mín).
 - ◇ Virtualización Hardware: Habilitado.
- ◆ 1 equipo desktop con Windows
 - ◇ Instalado XenCenter para administrar o servidor XenServer / XCP .
 - ◇ RAM: 1 GB

Este escenario cubriría perfectamente a parte VI do curso, pero non parte da VII e seguintes. Por tanto preséntase este segundo escenario que pode cubrir tódalas prácticas do curso.

Escenario completo



• Componse de:

◆ **1 servidor de Virtualización tipo I: XenServer**

◇ RAM: 2/4 GB (Mín).

◇ **Virtualización Hardware:** Habilitado.

◆ **1 equipo con VirtualBox instalado**

◇ Pode ser Ubuntu ou Windows

◇ Instalado XenCenter para administrar o servidor XenServer (instalado nunha MV Windows se o host usa Linux).

◇ RAM: 4 GB (Con 2 GB poderíanse facer algunhas cousas en escenarios futuros, pero non todas)

◇ MV con XenServer instalada.

Este escenario vai permitir acometer a maior parte dos escenarios futuros do curso. Pois tamén se precisa FreeNas nas partes VII e seguintes.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez